





1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Arco Bergantiñán. Sector: Seo de Baldaio. Concello: Carballo; Malpica de Bergantiños.
Parroquia: San Martiño de Razo, aparece na maior parte; San Cristovo de Lema, ocupa o nordeste;
San Breixo de Oza aparece no sur; San Martiño de Cambre e Santa María de Leioio, acadan dúas
esquinas no extremo occidental. Extensión: 10,61 km²

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Aínda que forma parte do gran seo de Baldaio, a orixe deste suco tectónico non está directamente relacionada coa de Baldaio e a súa falla. En Razo comeza, iso si, outro dos grandes fenómenos tectónicos que explican o relevo de Galicia, a Depresión Tectónica Meridiana: amplo corredor tectónico deprimido alongado de norte a sur por toda a Galicia costeira, de Razo a Tui. Por iso, a depresión de Razo ten orientación meridiana. O seu aspecto en triángulo ou cuña, máis ancha na costa e en vértice cara ao interior, débese ao cruzamento costeiro de fracturas NO-SE, como a de Baldaio, que acompañan á principal da depresión contigua. Razo, aínda que conta cunha gran praia, xa non desenvolve un gran complexo sedimentario e a súa área atópase pegada ao pé de acantilados. Cara ao interior, unha vertente pouco inclinada e regular constitúe o único plano paisaxístico ata o seu encontro coas vertentes das cimas encaixantes, coas que, en virtude do seu carácter tectónico, presenta un contraste topográfico elevado.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Dominio dun granito cataclástico de dúas micas. Na parte N aparecen tres bandas de migmatitas de anchos diferentes, en orientación NE-SO. No extremo SO afloran diques de cuarzo. En Agra de Cambre aparece un enclave de gneis alcalino precámbrico. O Cuaternario ten importancia polo complexo sedimentario de Razo-Baldaio, con depósitos de praia, duna. Un pequeno aluvial en Arnados e depósitos coluviais de ladeira no norte do Monte Neme completan o abano deposicional.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Unidade que experimenta unha transición climática de costa a interior, máis acusada no que respecta ao réxime de precipitacións. A primeira banda costeira e a cunca baixa dos vales fluviais, de dominio Cálido e Subhúmido, presentan temperaturas medias anuais superiores a 15° C e precipitacións entre 1000 mm e 1200 mm. Nas vertentes laterais hai un incremento da pluviosidade coa altitude (entre 1200 mm e 1400 mm), que define un dominio climático Húmido. O cumio do Monte Neme (389 m) e o seu contorno inmediato forman parte do dominio climático Temperado - Moi Húmido, xa que a temperatura media anual experimenta un lixeiro descenso (13 - 14° C) e, sobre todo, rexístranse as maiores precipitacións que oscilan entre 1400 mm e 1600 mm ao ano.

OS SOLOS

Existe unha clara catena de vertente, unha evidente relación topográfica na distribución de solos da unidade. Nas partes altas do Monte Neme, ademais dos acantilados frontais da unidade, aparece un leptosol lítico. Algo máis evolucionados son os tipos de vertente, umbrisol dístrio, a ambos os lados da depresión de Razo. No fondo desta, no val do Rego de Oza, desenvólvense os solos máis evolucionados, os fluvisoles hápticos. Nas partes altas laterais da cabeceira do val aparece, no sudoeste, un acrisol órtico e ao sueste un fluvisol dístrio, menos evolucionados xa.


AS AUGAS

Unidade bañada pola masa de Augas Costeiras de Baldaio-Razo (20100). A vertente continental está formada principalmente por dous vales fluviais paralelos separados polo Monte Deira e que desaugan a pouca distancia un do outro no extremo oriental da praia de Razo: os arrosos de Pardiñas e de Oza, sendo este último o de maior entidade.

O PATRIMONIO NATURAL

Litoral do IBA Costa da Morte. Continuidade areenta do grande complexo de Baldaio, as dunas están escasamente desenvolvidas e o principal hábitat sedimentario é o 1140, de chairas lamacentas e /ou areentas intermareais. Só a franxa máis costeira está dentro do LIC Costa da Morte. A extensa praia está, en gran parte, pegada a acantilado, aparecendo así, aínda que bastante degradado, o hábitat 1230 de acantilados costeiros atlánticos. As masas arbóreas caducifolias están asociadas ás canles fluviais, debido á presión agraria e urbanística. Os arrosos de Oza e Porriños aglutinan este patrimonio. Unha masa de frondosas de recolonización de 1 ha aparece na agra de Cambrelle. As cimas que cerran a unidade presentan matogueiras do tipo 4030, breixeiros secas europeas. Presenta cita do taxon vulnerable protexido *Omphalodes littoralis* subsp. *gallaecica*.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

A unidade posúe unha grande área central na que predomina o espazo non construído e ocupado por cultivos de millo e pataca fundamentalmente. Arredor deste val central establécense as actividades silvícolas, situadas naqueles terreos de máis pendente. A fronte litoral está dominada pola praia de Razo, tras a que se sitúa un pequeno cordón de dunas que fai de contacto entre o areal e o espazo puramente agrario. Entre ambos os dous localízase unha ampla zona dedicada a uso turístico, tal e como indican as numerosas edificacións de recente construción e desvinculadas das funcións rurais. Os núcleos rurais tradicionais alternan cos cultivos dentro da planicie costeira. Así mesmo, poden diferenciarse outros usos residuais como o pequeno bosque de ribeira arredor do Rego de Oza, espazos hidromorfos vinculados a cursos de auga ou rodais de matogueira illados. Tamén cómpre citar a aparición de actividades ligadas ao sector secundario, como a mina de volframio situada en Monte Neme, hoxe en día abandonada.

MORFOLOXÍA

Todo o espazo agrícola da unidade está caracterizado polo pequeno tamaño das explotacións representadas en parcelas cerradas por sebes naturais. Predomina o minifundio, que se estende a aqueles espazos ocupados por bosques de repoboación onde a xeometría das plantacións se axusta ao parcelario agrícola precedente. Pola súa banda, os núcleos rurais situados ao sur da unidade manteñen a fisionomía compacta típica das aldeas, feito que contrasta con aqueles situados no extremo setentrional, onde os novos asentamentos se diseminan ao redor da trama viaria.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A estrada comarcal CP-1902 é a principal vía de comunicación da unidade, atravesándoa de norte a sur. Arredor dela artículanse unha serie de pistas asfaltadas de carácter local que comunican os diferentes núcleos rurais e que actúan, á súa vez, como elemento director na construción de novas vivendas. É visible unha maior densidade da rede viaria no espazo central debido a que é aquí onde se concentra a maioría das actividades tanto económicas como residenciais derivadas dunha topografía máis favorable.

PATRIMONIO HISTÓRICO

Nas partes altas atópanse restos arqueolóxicos vinculados á civilización castreña. Na actualidade, consérvanse antigos poboados como Nilón ou Vilela ou monumentos funerarios como a Mámoa da Eira das Mouras. O rico patrimonio cultural da unidade reflíctese na súa variada arquitectura relixiosa (cruceiros, igrexas ou casas reitorais) e tamén na arquitectura civil con presenza de hórreos, muíños ou casas de singular factura. A arquitectura civil aparece ligada á agricultura e dá idea da importancia que o cultivo do millo tivo nesta área do litoral, mentres que os elementos relixiosos exemplifican a tradición e as crenzas relixiosas.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

A unidade mantén as características propias da Galicia rural con presenza de aldeas situadas entre un mosaico de campos de cultivo. A área central concentra as actividades económicas de base, mentres que a franxa litoral aproveita as excepcionais condicións naturais do areal de Razo para impulsar o turismo. Converxen polo tanto dentro da unidade dúas paisaxes: por un lado, a ligada á agricultura e os núcleos tradicionais de poboación e, por outro, a vinculada ao turismo estival e á vivenda de segunda residencia, que se dá na costa.

DINÁMICA DA PAISAXE

O abandono rural e das parcelas antes cultivadas tradúcese na recolonización vexetal ben sexa natural ou inducida. As partes altas sofren unha maior transformación, dado que nos anos 50 e 60 estaban dedicadas a pradarias e na actualidade priman os monocultivos forestais, modificando completamente a percepción do espazo. A liña de costa deixa de estar dedicada a labores agrícolas. Agora as novas edificacións ocupan a fronte costeira, paralelas a antigas pistas de terra actualmente asfaltadas, contribuíndo así á dispersión da poboación. Esta humanización do litoral prodúcese nos últimos anos do século pasado. Está vinculada ao despoboamento rural e impulsada polo desenvolvemento turístico da costa. Deste xeito, aparecen novas tipoloxías de edificación e a relación dos asentamentos co seu contorno, que pasa dun modelo concentrado a outro lineal ao redor das vías de acceso, coa conseguinte perda de calidade escénica.


RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

A unidade sitúase nun ámbito sometido a un proceso de cambio no que a paisaxe rural tradicional, que aínda se mantén na parte meridional, está a evolucionar cara a outra de índole residencial-vacacional na fronte costeira. O dinamismo do areal como fito turístico ligado ao complexo sedimentario de Baldaio favorece que se confirme como un referente no turismo da zona dende o que poder gozar do mar e a natureza nun contorno dotado de todas as comodidades e servizos propios de espazo urbano. A riqueza etnográfica e patrimonial de Razo da Costa (considerado núcleo de identidade do litoral) e os núcleos que o rodean contribúen a incrementar a calidade da paisaxe, que xa non só se limita ás súas características naturais senón que se estende ao aspecto cultural, rico en matices e exemplo vivo da evolución da paisaxe ao longo dos anos. A pesar da presión e humanización da fronte costeira, esta está recollida na Rede Natura 2000. Propóñense dous puntos de observación situados en Petón do Lobo e Seixo branco.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNS





A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN







Agrupación de vivendas unifamiliares de carácter espontáneo no ámbito da Praia de Razo. É posible observar un primeiro grupo de edificacións situadas en primeira liña litoral e outra lixeiramente máis atrasada ao longo do eixo vial que comunica os núcleos de Razo e Arnados. Estas edificacións encóntranse ocupando solos vinculados aos ecosistemas costeiros, implicando unha alteración das condicións naturais, ambientais e paisaxísticas do ámbito. O obxectivo é, polo tanto, frear estes procesos de ocupación asistemática, racionalizar o usos do solo, realizar operacións de mellora ambiental e paisaxística do espazo público e mellorar a fachada marítima.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo









 Chairas intermareais / Llanuras intermareales	 Matogueiras / Matorrales
 Marismas / Marismas	 Cultivos e prados / Cultivos y prados
 Praias / Playas	 Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero
 Dunas / Dunas	 Viñedos / Viñedos
 Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros	 Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico
 Cantis / Acantilados	 Forestal de repoboación / Forestal de repoblación
 Vexetación costeira / Vegetación costera	 Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas
 Bosques autóctonos / Bosques autóctonos	 Outras masas de auga / Otras masas de agua
 Bosques de ribeira / Bosques de ribera	 Canteira / Cantera
 Bosques mixtos / Bosques mixtos	 Artificial / Artificial
 Bosques de recolonización / Bosques de recolonización	
 Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo	

Asentamentos / Asentamientos

 Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
 Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
 Asentamento funcional / Asentamiento funcional
 Agregado urbano / Agregado urbano
 Nova agrupación / Nueva agrupación
 Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

 Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
 Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
 Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
 Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
 Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
 Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
 Puntos de observación / Puntos de observación
 Faros / Faros





Toponimia / Toponimia

Toponimia interior / Toponimia interior
Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral
Praia / Playa
Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
Toponimia de costa / Toponimia de costa
Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

 0 m	 -20 m	 -100 m	 -500 m	 -2000 m
 -10 m	 -50 m	 -200 m	 -1000 m	 -3000 m











Espazos de interese / Espacios de interés

 Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
 Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
 Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
 Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

 Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
 Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
 Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
 Zona portuaria / Zona portuaria
 Ferrocarril / Ferrocarril
 AVE / AVE
 Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
 Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
 Outras estradas / Otras carreteras
 Pistas e camiños / Pistas y caminos
 EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



